

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 15 de febreiro de 2016, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta.

Así mesmo, a disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, do 30 de maio, des-concentra na persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

Para darlle cumprimento aos obxectivos que ten encomendados, esta secretaría xeral convoca unha resolución de axudas económicas en favor de persoas emigrantes galegas retornadas que ten por finalidade axudar a facer fronte aos gastos extraordinarios derivados do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia.

Estas axudas fundaméntanse en feitos de urxente atención, teñen carácter meramente paliativo e destínanse a facer fronte a aquelas causas sobrevidas derivadas do retorno que, polas súas circunstancias, requiren dunha atención perentoria na obtención de recursos polas persoas afectadas, de tal xeito que alcancen a complementar ou aliviar a carencia de recursos.

Polos ditos motivos e dada a súa excepcionalidade por razóns de interese social, propónse un mecanismo de tramitación e resolución que, sen prexuízo da obxectividade da concesión e das garantías na súa aplicación, faciliten a cobertura, curso e resolución sobre as peticións que se formulen, todo isto, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



En virtude do exposto, no exercicio das competencias atribuídas no Decreto 88/2013, do 30 de maio, e de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei 9/2007; nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normativa de aplicación,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto e réxime das axudas*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases que regularán o procedemento de concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións da Secretaría Xeral da Emigración que teñen por finalidade a concesión de axudas extraordinarias e non periódicas dirixidas a persoas emigrantes galegas retornadas, para axudar a facer fronte aos gastos extraordinarios derivados do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as devanditas axudas para o ano 2016.

3. O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e coas garantías previstas no artigo 31.4 de dita lei, e de acordo co disposto no artigo 32 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita lei.

Para estes efectos, a concesión destas axudas estará, en todo caso, condicionada á existencia de crédito orzamentario e, no caso de esgotamento do crédito, a Secretaría Xeral da Emigración publicará no *Diario Oficial de Galicia* a indicada circunstancia, o que comportará a non admisión das solicitudes posteriores, sen prexuízo de que se poida incrementar o crédito orzamentario nos supostos previstos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. No caso de que o crédito establecido para esta subvención non sexa suficiente para proceder ao pagamento de todas as subvencións solicitadas aplicarase, como criterio de prioridade, a data de presentación das solicitudes con toda a documentación relacionada no artigo 9.



Artigo 2. *Financiamento*

Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito de cento cincuenta mil euros (150.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016. Este importe poderá ser ampliado nos casos establecidos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, en función das maiores dispoñibilidades orzamentarias que se poidan producir na devandita aplicación.

Artigo 3. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias destas subvencións as seguintes persoas que, residindo fóra de España, se establezan na Comunidade Autónoma galega:

a) As persoas galegas e nadas en Galicia.

b) Os cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal e os/as fillos/as das persoas galegas e nadas en Galicia.

Para os efectos do establecido neste punto, terá a condición de parella de feito a que figure inscrita como tal no correspondente Rexistro de Parellas de Feito de Galicia regulado polo Decreto 248/2007, do 20 de decembro.

2. Todas as persoas beneficiarias deberán acreditar estar en posesión da nacionalidade española antes do retorno e ter a súa residencia actual en Galicia.

Artigo 4. *Requisitos*

1. Os requisitos exixidos para poder ser persoas beneficiarias, que deben estar referidos ao momento da solicitude, son os seguintes:

a) Ter residido legalmente no estranxeiro un mínimo de tres anos ininterrompidos inmediatamente anteriores á data do retorno a España.

b) Non ter transcorrido máis dun ano entre a data do retorno a España e a da publicación desta resolución.



c) Estar empadroadada e ter residencia nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Carecer de rendas ou ingresos suficientes. Computarán como tales todo tipo de rendas, incluso as axudas, públicas ou privadas, de natureza semellante ás previstas nesta resolución.

Entenderanse como rendas ou ingresos insuficientes os que non superen, en cómputo global, o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) mensual correspondente ao ano desta convocatoria, e relativos á renda *per capita* da unidade familiar entendida tal como se sinala no artigo 5.

Así mesmo, terán a consideración de rendas, para os efectos da percepción destas axudas, as seguintes:

– Rendementos do traballo. Inclúe as rendas netas do traballo por conta allea, bolsas e outras axudas semellantes.

– Pensións e prestacións. Inclúe os ingresos netos de todo tipo de pensións e prestacións.

– Rendas do capital mobiliario. Inclúe os rendementos netos das distintas contas bancarias e investimentos financeiros.

– Rendas do capital inmobiliario. Inclúe os rendementos brutos dos bens inmoables arrendados, diferentes da vivenda habitual.

– Rendas de actividades económicas, profesionais, empresariais ou agrarias. Compúntase como rendas o rendemento neto reducido (ingresos menos gastos) dos distintos tipos de actividades.

Para o cálculo das rendas, cando se perciban con periodicidade superior á mensual, computaranse en pro rata mensual sobre o período ao cal correspondan, excepto as que se obteñan nun único pagamento que se ratea o seu importe entre doce meses.

e) Carecer de bens mobles e/ou inmoables cuxo valor supere o límite establecido no número 3 deste artigo.



Para estes efectos só se computarán como bens mobles o diñeiro en efectivo e os efectos mercantís que non estean depositados nunha entidade financeira valorados polo seu importe, así como os depósitos bancarios ou a prazo, accións valores ou participacións en sociedades, participacións en fondos ou plans de pensións ou de investimento ou calquera outra relación en que apareza en posición acreedora dunha entidade financeira; o valor destes efectos que se computará será o que conste na correspondente documentación bancaria.

Polo que respecta aos bens inmobles teranse en conta todos, a excepción da vivenda habitual, e o seu valor será o que figure no recibo do imposto que os grave ou, na súa falta, no contrato de compravenda.

2. Quedan excluídas destas axudas as persoas que resultasen beneficiarias en calquera das tres convocatorias inmediatamente anteriores a esta.

Igualmente quedan excluídas as persoas solicitantes que teñan bens patrimoniais (mobles e/ou inmobles), entendidos tal e como se recolle punto 1.e) deste artigo, cuxo valor supere o límite de 15.000 euros máis 5.000 euros adicionais por cada un dos restantes membros da unidade familiar.

Artigo 5. *Criterios de valoración*

A valoración das axudas efectuarase conforme os criterios e a gradación que se establece a seguir:

1. Situación económica *per capita* mensual do mes anterior ao da presentación da solicitude da unidade familiar da persoa solicitante ponderada consonte o total de ingresos e de rendas percibidas e o número de membros da unidade familiar, segundo o seguinte baremo:

- a) Ingresos e rendas inferiores ao 50 % do IPREM: 3 puntos.
- b) Ingresos e rendas do 50 % ao 80 % do IPREM: 2 puntos.
- c) Ingresos e rendas superiores ao 80 % do IPREM e ata o IPREM: 1 punto.

Entenderase como unidade familiar, en todo caso, a integrada pola persoa solicitante, o seu cónxuxe ou parella de feito, non separado legal ou de feito e, de ser o caso, os/as fillos/as e parentes por consanguinidade ou adopción ata o segundo grao en liña ascen-



dente e descendente da persoa solicitante, así como os seus cónxuxes ou parellas de feito, non separados, legal ou de feito, sempre que convivan coa persoa solicitante.

Para estes efectos, só se computarán como membros da unidade familiar os que consten no mesmo domicilio segundo os datos do Padrón municipal ou ben da certificación municipal de convivencia, no caso de tela que achegar a persoa solicitante, segundo o previsto no artigo 9.1.5.

2. Número de fillos/as menores de 18 anos a cargo da persoa solicitante: 1 punto por cada fillo/a, salvo no caso de familia numerosa, que serán 2 puntos por cada fillo/a.

3. Situación de discapacidade ou dependencia da persoa solicitante:

– Discapacidade igual ou superior ao 33 % e inferior ao 65 %: 1 punto.

– Discapacidade igual ou superior ao 65 %: 2 puntos.

– Dependencia en grao I ou II: 1 punto.

– Dependencia en grao III: 2 puntos.

No caso de que a persoa discapacitada ou dependente necesite axuda de terceira persoa para as actividades básicas da vida diaria a puntuación se incrementará en dous puntos.

Naqueles certificados emitidos polos órganos competentes en que non conste a porcentaxe de discapacidade valorarase con 1 punto.

Naqueles casos en que o solicitante presente unha situación de discapacidade e dependencia, só se valorará unha das situacións.

4. Enfermidade grave ou moi grave da persoa solicitante, sempre e cando non se valorase no número 3: 1 punto.

5. Solicitante que fose vítima da violencia de xénero nos cinco anos anteriores ao retorno: 2 puntos.

6. As persoas solicitantes que teñan 65 anos ou máis na data de solicitude e sempre que non sexan beneficiarias de ningún tipo de pensión nin de prestación periódica concedidas pola Administración estatal ou autonómica: 5 puntos.



7. De existiren varias persoas solicitantes integradas dentro da mesma unidade familiar que reúnan os requisitos para poderen ser beneficiarias, a puntuación obtida de acordo coa aplicación dos criterios de valoración establecidos no presente artigo dividirase entre o número de persoas beneficiarias da axuda. Á contía resultante da división aplicaráselle o valor do punto en euros segundo corresponda, de acordo co disposto no artigo 6.1 desta resolución.

Nestes casos, a puntuación obtida de ter fillos/as a cargo menores de 18 anos imputarase ao cónxuxe ou parella de feito que ambos manifesten expresamente mediante declaración por escrito. De non facer declaración expresa ou de non existir acordo, imputaráselle á nai.

Artigo 6. *Contía, pagamento e compatibilidade de axudas*

1. As axudas de carácter xenérico para facer fronte á situación derivada do retorno previstas nesta resolución pagaranse por unha soa vez, e o seu importe establécese en función do número de puntos que se obteñan segundo os criterios recollidos no artigo 5, fixando para os efectos un valor en euros por unidade de puntuación, o que determinará a contía da axuda.

Co obxecto de protexer a situación daquelas persoas que se atopen nunha situación de maior vulnerabilidade, de acordo co establecido nos números 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo 5, a unidade de puntuación terá un valor en euros diferente en función do número de puntos obtidos polas persoas solicitantes, de acordo coas seguintes regras:

– Unidade de puntuación para aquelas persoas que obteñan entre 1 e 5 puntos: 250 € por punto.

– Unidade de puntuación para aquelas persoas que obteñan 6 ou máis puntos: 350 € por punto.

2. Igualmente, e co fin de axudar a sufragar os gastos derivados do retorno, establécese unha axuda de pagamento único que incrementará a contía das axudas previstas no punto 1 en 150 €, para a persoa beneficiaria procedente de Europa, e en 400 €, para a persoa beneficiaria procedente de América e outros países, excepto Europa.

3. Cando resulten beneficiarias varias persoas da mesma unidade familiar, a suma das súas axudas non poderá superar a contía de 6.300 €. Neste caso, a contía da axuda será o resultado de dividir a dita contía máxima entre o número de persoas beneficiarias.



4. As axudas concedidas para facer fronte de maneira xenérica á situación e aos gastos derivados do retorno aboaranse unha vez que se acredite que a persoa solicitante reúne os requisitos exixidos para obter a condición de beneficiaria segundo o establecido nos artigos 3 e 4 e polo importe correspondente en función dos criterios de valoración establecidos no artigo 5 e en función do establecido no punto 3 deste artigo.

5. As axudas previstas nesta resolución serán incompatibles con calquera outra das reguladas por esta secretaría xeral para os mesmos conceptos subvencionables.

Artigo 7. *Solicitudes*

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario electrónico normalizado que figura como anexo I desta resolución, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata o 31 de agosto de 2016, inclusive.



Artigo 9. Documentación

1. Xunto coa solicitude as persoas solicitantes deberán achegar a seguinte documentación en orixinal ou copia debidamente compulsada:

1º. DNI da persoa solicitante no caso de non prestar o seu consentimento expreso para que a Secretaría Xeral da Emigración comprobe, por medio de acceso electrónico ao servizo horizontal de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a verificación dos seus datos de identidade, segundo o modelo que consta na propia solicitude. Para o resto, pasaporte ou documento de identidade en que consten os seus datos persoais.

2º. Documentos xustificativos da condición de persoa galega determinada no artigo 3.1.a) e, ademais, no caso de alegar algunha relación de parentesco das sinaladas no artigo 3.1.b), acreditación documental do vínculo da persoa solicitante.

3º. Libro de familia da persoa solicitante, se é o caso. Na súa falta, achegárase certificado de matrimonio, no caso de denegar expresamente a súa consulta, ou certificación do Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, no caso de que non se autorice a súa consulta.

En caso de separación legal ou divorcio, ou disolución dunha parella de feito, achegárase a correspondente sentenza xudicial firme ou certificación rexistral.

4º. Certificado de empadramento expedido, con posterioridade á data de entrada en vigor desta resolución, polo concello en que resida a persoa solicitante, no caso de non prestar o seu consentimento expreso para que a Secretaría Xeral da Emigración comprobe, por medio de acceso electrónico ao servizo horizontal de verificación de datos de residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a verificación dos seus datos de residencia, segundo o modelo que consta na propia solicitude.

5º. Certificación municipal emitida, con posterioridade á data entrada en vigor desta resolución, polo concello galego de residencia da persoa solicitante que acredite a convivencia dos membros da unidade familiar.

6º. Certificado de persoa emigrante retornada, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a data de retorno a España, así como o tempo de residencia no estranxeiro durante un mínimo de tres anos ininterrompidos inmediatamente anteriores á data do seu retorno a España.



7º. Certificación de vida laboral expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar, se é o caso.

8º. Certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos económicos e rendas de calquera tipo correspondente ao mes anterior ao da presentación da solicitude da persoa solicitante e da súa unidade familiar entendida como se sinala no artigo 5.

9º. Documentación acreditativa do valor dos bens, mobles ou inmobles da unidade familiar, a excepción da vivenda habitual, tal e como se recolle no artigo 4.1.e).

10º. Informe médico actualizado expedido polos servizos públicos de saúde españois, no caso de alegar enfermidade grave ou moi grave.

11º. Certificado expedido polo órgano competente que acredite o grao de discapacidade ou dependencia, no caso de alegar tal circunstancia. Non terán que presentar esta documentación cando a persoa solicitante autorice a Secretaría Xeral da Emigración a verificar o dato do grao de discapacidade, sempre e cando fose recoñecido pola Xunta de Galicia.

12º. No caso de alegar ser vítima de violencia de xénero, deberá acreditar tal situación mediante sentenza, orde xudicial de protección, informe do Ministerio Fiscal ou informe socioambiental emitido por un organismo oficial.

2. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias de documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.



3. A Secretaría Xeral da Emigración poderá requirir calquera outra documentación ou dato adicional que considere necesario para completar o expediente ou para unha mellor valoración deste.

4. Cando os documentos achegados ao expediente polas persoas solicitantes estean nun idioma distinto do galego ou do castelán, deberase presentar tradución deles en calquera destes idiomas.

5. A Secretaría Xeral da Emigración poderá solicitar dos servizos sociais comunitarios do concello onde teña fixada a residencia a persoa solicitante, a emisión dun informe social no que se reflecta a súa situación familiar, sociolaboral e económica co fin de ter un maior e adecuado coñecemento das devanditas situacións.

Os ditos servizos sociais poderán remitir este informe xunto coa solicitude e o resto da documentación necesaria para a súa valoración, sen mediar solicitude previa da secretaria xeral, cando a persoa solicitante utilice estes servizos como apoio para a tramitación da axuda.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

Artigo 10. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, o modelo de solicitude incluírá unha autorización expresa ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán presentarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. As solicitudes das persoas interesadas deberán ir acompañadas dos documentos ou informacións previstos no artigo 9, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.



Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa solicitante a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento e neste caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Artigo 11. *Instrución*

1. A instrución do procedemento corresponde á Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa e do Retorno.

2. De acordo co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a solicitude non reúne os requisitos establecidos, o órgano instructor requirirá a persoa solicitante para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días, e indicarlle que, se non o fixer, se terá por desistida da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Unha vez concluída a tramitación do expediente, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución, que se elevará á persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración, que ditará a resolución que corresponda.

Artigo 12. *Resolución e notificación*

1. Á vista da proposta de resolución, a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada.

2. Segundo o previsto no artigo 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, todas as resolucións serán notificadas de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do



procedemento administrativo común, e a notificación practícarase conforme o establecido no seu artigo 59.

Artigo 13. *Prazo de duración do procedemento de concesión*

O prazo máximo para resolver será de cinco meses contado desde a presentación da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se diten as resolucións expresas, as solicitudes poderán entenderse desestimadas, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 14. *Aceptación e renuncia*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos dez días hábiles contados desde o seguinte ao da súa notificación sen que a persoa solicitante comunique expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de persoa beneficiaria.

2. No caso de renuncia, a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 15. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración, logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia á persoa interesada.



Artigo 16. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Son obrigas das persoas beneficiarias:

a) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Secretaría Xeral da Emigración, se é o caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais, para o cal se achegará canta información sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

b) Comunicarlle á Secretaría Xeral da Emigración a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. Segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberá presentar unha declaración responsable de estar ao día do cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia antes dos pagamentos.

c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) As demais obrigas previstas no artigo 11 da antedita lei.

Artigo 17. *Incumprimento, reintegro e sancións*

1. O incumprimento das obrigas contidas nesta resolución ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora xerados desde o momento en que se efectúe o pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se minorará ou reintegrará serán os seguintes:

– O incumprimento total dos fins para os cales se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.



– Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a axuda da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitárase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta resolución, cuxo tratamento autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral da Emigración. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a dita secretaría xeral, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral da Emigración, rúa Os Basquiños 2, 15704 Santiago de Compostela, A Coruña, ou a través dun correo electrónico a retorno.emigracion@xunta.es.

Artigo 19. *Publicidade*

Dada a natureza das axudas recollidas nesta resolución e de acordo co disposto no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, exceptuase á Secretaría Xeral da Emigración da publicación das subvencións concedidas ao abeiro desta resolución.

Artigo 20. *Información ás persoas interesadas*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral da Emigración, a través dos seguintes medios:

a) Portal web oficial desta secretaría xeral (<http://emigracion.xunta.gal/>), onde, ademais de obter os modelos normalizados de solicitude, se poderá descargar o texto íntegro desta resolución.



b) Así mesmo, poderá obterse información xeral deste procedemento na Guía de procedementos e servizos na páxina web da Xunta de Galicia (<http://www.xunta.es/>).

Artigo 21. *Recursos*

1. Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2016

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración





ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS EXTRAORDINARIAS A PERSOAS EMIGRANTES GALEGAS RETORNADAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR905A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

TIPO DE SOLICITANTE


Emigrante natural de Galicia

Familiar de emigrante natural de Galicia. Indicar parentesco:

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR*

	APELIDOS E NOME	IDADE	PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE
	PERSONA SOLICITANTE		
OUTROS/AS COMPOÑENTES DA UNIDADE FAMILIAR	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(* Deberán incluírse neste punto todos os membros da unidade familiar nos termos do artigo 5.1 da resolución.

 SEDE ELECTRONICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: xxduelc8-uyc3-xd74-kia8-jnbjhbvqjfa6



DATOS ECONÓMICOS DA UNIDADE FAMILIAR

Se se perciben ingresos económicos ou rendas de calquera natureza, ou se teñen bens mobles ou inmoables, agás a vivenda habitual. (consignaranse neste cadro os datos económicos e achegarase certificación ou xustificante acreditativos dos ingresos).

	APELIDOS E NOME	PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	INMOBLES ¹	MOBLES	TIPO DE INGRESOS/ RENDAS (pensiós, salarios...) ²	CONTÍA TOTAL DE INGRESOS
	PERSONA SOLICITANTE					
OUTROS/AS COMPONENTES DA UNIDADE FAMILIAR						

¹ Recibo do imposto que os grave ou contrato de compravenda
² Terán a consideración de ingresos e rendas os referidos no artigo 4.1.d) da resolución.

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo concepto para o cal solicita esta subvención.
 - Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo concepto para o cal solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	TIPO DE AXUDA	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

- Que ningún membro da unidade familiar, incluído o interesado, percibe ingresos económicos ou rendas de calquera natureza, de ser o caso.
- Que ningún membro da unidade familiar, incluído o interesado, ten outros bens mobles ou inmoables, agás a vivenda habitual, de ser o caso.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos e que reúne todos os requisitos exixidos na convocatoria.
4. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que autoriza a Secretaría Xeral da Emigración no ámbito das súas competencias para ceder os datos persoais a aqueles organismos da Administración xeral do Estado con competencias similares na materia co fin de colaborar no exercicio das funcións que lle sexan propias.
8. Que ten autorización das persoas relacionadas dentro da unidade familiar ou como achegados para a cesión dos seus datos persoais á Secretaría Xeral da Emigración co fin de poder xestionar a axuda relativa a esta convocatoria.
9. Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU QUE SE DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

- DNI da persoa solicitante, no caso de que non se autorice a súa consulta, ou pasaporte ou documento de identidade en que consten os seus datos persoais.
- Certificación de empadramento emitida con posterioridade á data de entrada en vigor da resolución que acredite a alta no padrón do/da solicitante no concello galego, no caso de que non se autorice a súa consulta.
- Certificación municipal emitida, con posterioridade á data de entrada en vigor desta resolución, polo concello galego de residencia do solicitante que acredite a convivencia dos membros da unidade familiar.
- Certificación de vida laboral expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social da persoa solicitante e dos demais membros da unidade familiar.
- Documentación acreditativa dos ingresos económicos e rendas do/a solicitante e da unidade familiar entendida como se sinala no artigo 5.1 (copias de nóminas, de concesión de pensiós, etc.) do mes anterior ao da presentación da solicitude.
- Acreditación do valor dos bens mobles e/ou inmoables, de ser o caso (recibo do imposto que os grave, contrato de compravenda, certificación bancaria).
- Informe médico actualizado expedido polos servizos públicos de saúde españois, no caso de alegar enfermidade grave ou moi grave.

CVE-DOG: xxduelc8-uyc3-xd74-kia8-jnbhbjvqjfa6



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU QUE DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE (Continuación)

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTÉ.	ANO
<input type="checkbox"/> Documentos xustificativos da condición de beneficiario/a das axudas segundo o artigo 3 (DNI, libro de familia, partida de nacemento, certificación consular, etc.).	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Acreditación documental da relación de parentesco do/da solicitante coa persoa nacida en Galicia segundo o artigo 3.1.b) (libro de familia, partida de nacemento, etc.).	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Libro de familia do/a solicitante/certificado de matrimonio, no caso de denegar expresamente a súa consulta/certificado do Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, no caso de que non se autorice a súa consulta.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Certificado de emigrante retornado, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a data do retorno a España, así como o tempo de residencia no estranxeiro durante un mínimo de tres anos ininterrompidos inmediatamente anteriores á data do seu retorno a España.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Certificado expedido polo órgano competente que acredite o grao de discapacidade ou dependencia, no caso de alegar tal circunstancia. Non terán que presentar esta documentación cando a persoa solicitante autorice a Secretaría Xeral da Emigración a verificar o dato do grao de discapacidade, sempre e cando fose recoñecido pola Xunta de Galicia.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Documento oficial que acredite ter sido vítima de violencia de xénero, en caso de alegar tal circunstancia.	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Secretaría Xeral da Emigración, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vivente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

Autorizo a Secretaría Xeral da Emigración para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Secretaría Xeral da Emigración para consultar os datos de residencia da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Secretaría Xeral da Emigración para consultar datos de discapacidade que obran en poder da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Secretaría Xeral da Emigración para consultar os datos do Rexistro de Parellas de Feito que constan en poder da Administración Autonómica, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)


En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral da Emigración, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a retorno.emigracion@xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE


Resolución do 15 de febreiro de 2016, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data
, de de



Secretaría Xeral da Emigración

 SEDE ELECTRONICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: xxduelc8-uyc3-xd74-kia8-jnbjhbvqjfa6

